Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 179. Xaneiro 2021. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA

Hidroeléctrica Lumymey ofrece aos comercios o distintivo de enerxía verde P11

COMARCA

O Concello de Santiso regula a exhibición de carteis e publicidade exterior P19

CULTURA

O Museo Terra de Melide volve pechar as súas portas P18

ENTREVISTA

Jesús Costoya e José Manuel Barreiro, *Carnicería Maruja* P23

Colorín Colorado concede o primeiro premio da campaña de Nadal de Asetem

Rematou a campaña de Nadal e xa temos os números premiados no sorteo de Asetem-CCA. Nesta edición repartíronse 3.000 euros en catro premios. O primeiro deles, de 1.000 euros, foi repartido na tenda de moda infantil, Colorín Colorado. O segundo, terceiro, cuarto e quinto, de 500 euros cada un, caeron en Ribeirao, Muxica, Xoieiría Silvela e El Dándolo. Os afortunados recollerán o premio na sede da asociación e poderán gastalo nos comercios locais.P3

Gañadores do concurso de escaparates de Nadal

O Concello de Melide dá a coñecer o nome dos gañadores dos escaparates do concurso de Nadal. Entre os comercios gañadores hai tres socios de Asetem. P8.

A asociación “Río Furelos” denuncia un novo vertido

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” denuncia un novo vertido procedente dos colectores do Polígono da Madanela. P14

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Os oficios e a mocidade

Na sociedade actual o sistema educativo enfoca a mocidade nun mesmo camiño de futuro: a universidade. Dá a sensación de que aquelas persoas que non teñen unha profesión "de estudos" como pode ser a avogacía, a economía ou incluso o xornalismo teñen un prestixio ou consideración social inferior á daqueles que si a teñen.

Nos centros educativos non se buscan ou potencian as calidades que cada alumno ten máis desenvolvidas, ao contrario, buscamos e potenciamos que todo o alumnado teña os mesmos intereses e gustos. Este modelo educativo vai polo camiño equivocado, deixa sen motivación os estudantes e provoca frustración naqueles que non son tan bos estudando ou, mellor dito, "memorizando". Como di unha frase feita "na variedade está o gusto", se a todos nos gustasen as matemáticas non teriamos un fontaneiro que nos amañara a billa.

Todos os oficios son dignos e ninguén debe sentirse máis ou menos por mor do traballo. Todas as profesións son necesarias para desenvolver o noso día a día, tal e como o vimos facendo ata agora. Precisamos gandeiros e agricultores para que proporcionen os alimentos que logo nós imos comprar ás tendas de alimentación; electricistas, fontaneiros e carpinteiros que nos poidan arranxar un enchufe, unha tubaxe ou a pata dunha mesa; e zapateiros e xastres que fabriquen calzado e roupa. Poderíamos definir todos estes oficios cunha soa palabra: imprescindibles.

O ensino e a sociedade entraron na dinámica e na necesidade duns poucos. Parece que o traballo ao que te dediques vaite definir como persoa, que o que importa é a aparencia, o superficial. Os rapaces ao saír do instituto, na súa maioría, non saben aínda o que lles gusta, teñen toda unha vida por diante para sabelo. Porén, se levan escoitando dende cativos que o "correcto" ou o "axeitado" é ir a universidade van ser moi poucos os que decidan non facelo. Actualmente, o desemprego xuvenil en España é de preto do 40% e en Galicia de algo máis do 36%. Moitas empresas dedicadas aos oficios antes mencionados teñen grandes dificultades para atopar traballadores, parece realmente asombroso que isto suceda coñecendo as cifras actuais de desemprego xuvenil. Un paradoxo do sistema educativo e de emprego actual, que no lugar de fomentar e defender a Formación Profesional como unha saída laboral válida e con oportunidades de futuro, que nada lle ten que envexar á Universidade, parece ser só a opción para aqueles rapaces menos estudosos.

Continuar por esta senda ten e vai a seguir tendo fortes consecuencias para nós como sociedade, deixarse seguir levando polo superficial, polo de fóra, non nos depara un bo futuro. Non obstante, cambialo está nas nosas mans.

Se cada vez que na escola se organiza unha charla referente a amosar profesións e levamos só a escritores, xornalistas ou médicos a realidade de "éxito" que lles ensinamos aos cativos e cativas é esta. Logo eles non van ver a un albanel, a un xardineiro ou a un soldador como un referente no espello no que reflexarse para o día de mañá. E ese é un problema.

Como sociedade debemos entender que ao igual que non hai traballos dependo do xénero das persoas tampouco hai profesións de primeira e segunda categoría.

Tribuna de opinión

Nova suba para os autónomos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Unha vez máis volve subir a cota de autónomos, nesta ocasión entre 6 e 24 euros máis cada mes, en comparación co que pagaron en setembro. Desta maneira, a cota mínima pasa a ser de 289 euros e a máxima acada os 1.245,4. É de sentido común que este non é o momento máis adecuado para realizar esta suba, dado que por mor da pandemia actual moitos autónomos se están vendo obrigados a pechar os seus negocios temporalmente ou, aínda estando abertos, teñen unha carga de traballo inferior ao que viñan tendo ata a chegada da COVID.

Se traducimos esta realidade a números, pódese dicir que un autónomo que cotice pola cota mínima pagará este 2021 preto duns 72 euros máis que o ano pasado. Pola outra banda, están os traballadores autónomos que coticen pola cota máis elevada, para eles esta suba supoñería pagar uns 288 euros máis.

Dentro desta situación, na que cada vez é máis complicado para as persoas autónomos chegar a fin de mes, non só sube a cota senón que ao mesmo tempo sube o prezo de bens de primeira necesidade como é a luz. Non obstante, estas subidas non veñen acompañadas da suba do salario mínimo.

No medio destas subidas non escoitamos que se vaian engadir máis axudas ao colectivo dos autónomos, acaso cren que as que xa se presentaron son suficientes? Son moitas as perdas que estes traballadores sufriron dende que comezou a pandemia do coronavirus. Con estas circunstancias serán moitos os traballadores autónomos que reflexionarán sobre se lles compensa ou non estar abertos, é unha situación límite para moitos deles e a suba da cota parece que pode ser a gota que colme o vaso.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Cristina Fernández, Eva Novás
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....13
- CULTURA E LECER 18
- COMARCA.....19
- COLABORACIÓNS.....20
- ENTREVISTA.....23

O Gordo do sorteo de Nadal de ASETEM cae en Colorín Colorado

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-CCA) repartiu 3.000 euros en premios no seu xa Os cartos da campaña "Este Nadal toca en Melide", irán destinados a investir de novo no comercio local.

O premio Gordo de 1.000 euros caeu este ano na tenda de moda infantil Colorín Colorado. Os catro premios seguintes de 500 euros tocaron en compras realizadas en Ribeirao, Muxica, Xoiería Silvela e El Dándolo. Os cinco afortunados ou afortunadas poderán pasar a recoller os premios pola sede de Asetem durante o mes de xaneiro. No caso de que non aparecesen os gañadores sería a quenda dos números de reserva. Os premios poden consultarsena páxina 4 deste xornal, así como nas redes sociais de Asetem e na páxna web.

Como novidade e dada a situación sanitaria actual o sorteo desta edición realizouse o día 8 de xaneiro dende o despacho da notaría da vila e puido seguirse a través das redes sociais. Outra das novidades foron as "caixiñas de ilusión" cheas de chocolates que este ano se repartiron xunto coas rifas coa finalidade de recuperar esa ilusión tan propia das datas de Nadal.

Nesta XXII edición da iniciativa "Este Nadal toca en Melide" participaron uns 70 establecementos da vila e repartíronse 69.400 rifas. Unha campaña que a xerente de Asetem, Pilar López, di estar "na liña dos anos anteriores e que incluso con algo máis de participación en relación co número de socios que se sumaron". Ademais, cualifica este Nadal "como unha boa campaña de ventas na que os socios están contentos co resultado dentro do que se podía esperar nunhas circunstancias como as actuais, pero ao mellor ata os peches das cidades puideron ter o seu efecto positivo á hora de que a xente se acercara a mercar ao comercio local".

Un ano máis na campaña colaboraron o Concello de Melide e a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio.

Máis de 37.500 euros investidos no comercio local a través das tarxetas "Merca en Melide"

Este ano Asetem-CCA tamén colaborou co Concello de Melide nunha campaña de Nadal na que se incluía a tarxeta "Merca en Melide". Grazas a esta iniciativa máis de 37.500 euros os invertidos directamente nos 74 establecementos locais participantes.

Foron 750 as tarxetas "Merca en Melide" que se puxeron a disposición da cidadanía por prezo de 30 euros pero cun valor de 50 (xa que os 20 euros de diferenza achegounos o Concello de Melide, a administración local investiu en total 15.000 euros) para gastar nos comercios participantes.

A resposta a esta iniciativa foi todo un éxito, xa que como nos comenta a xerente de Asetem, Pilar López, "as tarxetas esgotáronse aos poucos días de empezar a repartilas, a xente interesouse moito por elas".

Por parte dos comerciantes cualifican esta campaña como "todo un éxito, foi unha iniciativa que realmente tivo repercusión e beneficio nos comercios da vila e que animou a xente a mercar en Melide. Esperemos que haxa máis campañas destes así, coas que os locais da vila poidamos ver o efecto delas directamente".

Ademais, dende o Concello de Melide tamén se amosaron satisfeitos coa resposta obtida a esta proposta.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

ESTE
Nadal
TOCA
en MELIDE
2020
1º PREMIO: 1.000 EUROS
01658 COLORÍN COLORADO
2º PREMIO: 500 EUROS
20825 RIBEIRAO
3º PREMIO: 500 Euros
39699 MUXICA
4º PREMIO: 500 Euros
15259 XOERÍA SILVELA
5º PREMIO: 500 Euros
23306 EL DÁNDOLO
RESERVAS
44910
YETHI CARBURANTES
44231
YETHI CARBURANTES
03894
ELECTROSAN
41997
SUPERMERCADOS GÓMEZ
62148
TOYSMANIATIC
CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
Concello de Melide
Merca en Melide
Cerne de Galicia
XUNTA DE GALICIA

ASESORÍA

CC Xestión
W. Fernández Flórez, 1
881 97 33 07

Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

F. Gómez y Cía. S.L.
Lg. A Mina S/N, Touro
981 51 73 17

CARPINTERÍA

Aluminios Blangar
Ctra. Lugo km 46
981 50 54 18

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12

Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Borboriño Xeado
Rúa de San Pedro, 5
881 99 05 50

Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Casa Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62

Gallega de Cárnicas S.L.
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00

Carnicería Cardelle
Florentino L. Cuevillas, Baixo
981 50 54 37

Carnicería Maruja
Rúa Peregrino, 1
610 666 704

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98

Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96

Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60

Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68

DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65

Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64

Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00

Espomasa
Ctra. Melide-Toques, km 8, Toques - 981 50 59 71

Estc. de Sv. Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto - 981 51 60 04

Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17

Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29

Esther e Cris Conde Floristas (Strelitzia)
Taboada Roca, 4, baixo
881 81 91 01

Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64

Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92

Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89

Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50

Hidroeléctrica Lumymey
Alexandre Bóveda, 9
900 70 11 52

Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56

Instituto de la Sordera
Ronda da Coruña, 34
648 754 761

Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24

José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35

La Frutería de Celia
Cantón de San Roque, 3
981 50 79 38

Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54

Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34

Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75

Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55

M&M Moda
Travesía do Convento, 1
981 94 24 15

Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94

Modas Dándolo
Rúa do Convento
981 50 63 70

Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81

Mercería Isabel
Rúa Camiño de Ovedo, 3
981 50 52 56

MEyPA Inst. Eléctricas
Melide - 663 97 22 81

Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85

Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64

Modista María Luisa Pereiro
Rúa Folicheiro, 41
626 90 61 23

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34

Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97

Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67

Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74

Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08

Parafarmacia O Cantón
Cantón de San Roque,
28 - Baixo, 981 937 350

Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81

Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53

Pastelería Trisquel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98

Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84

Pescados e Mariscos Manolo
Garceiras, 3 - Baixo
629 81 20 29

Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26

Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19

Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18

Regaliz Fashion Store
Rúa Otero Pedrayo, 4
Baixo

Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18

Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56

Sakho Tienda Multimarca
Cantón San Roque, 11
881 97 74 17

Salacadula Shop
Avenida de América, 3
881 81 94 95

Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10

Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17

Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87

Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54

Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27

Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 95 63 94

Xoguetería Toysmaniatic
Rda. Coruña, 36
981 50 51 95

Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68

Xoiería Pereiro
Rúa Moa, 8
981 50 52 33

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97

Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCIÓN

Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29

Construcciones Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73

Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59

Cubiertas Hrmns. Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94

Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92

Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10

Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25

Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30 - 981 17 36 16

Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso - 981 50 55 18

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68

Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34

Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44

Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33

Jacarandá
Otero Pedrayo, 12 Baixo
881 95 70 74

O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73

Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07

Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76

Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17

Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
691 57 81 32

Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52

Ana Mato Salgado Avogada
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
671 833 425

Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94

Autoescola Agra
Ronda de Pontevedra,
23 - 981 50 53 76

Autoescola Marte
Ronda da Coruña, 38
981 50 54 60

Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05

Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44

Escala 5.9 Espectáculos
R/Galicia, 26 -Baixo, Esq.
609 923 888

Eva Novás Mato Avogada
Rúa San Antón, 5
662 30 26 18

Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33

Hardgalicia - "R" - Juifi
Rúa San Pedro, 16
693 77 88 66

Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737

Latexo Logopedia
Rosalía de Castro, 3
642 007 210

Meixela,
(Centro de Estética)
e Tania Arias
(Dietista Nutricionista)
Rúa Rosaleda, 5, Baixo
639 44 06 88 (Meixela)
683 32 44 11 (Tania A.)

Peluquería Coral
R/Joaquín Gundín, 7
981 50 53 23

Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75

Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66

Skala Peluqueros
Almirante Brown, 19-21
981 50 59 03

Xanela Ocio
Melide - 634 24 34 69

Zafiro Tours Melide (Axencia de viaxes)
Rúa do Convento, 6
881 97 56 43

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31

Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00

Talleres Diego Fernández
Polígono da Madanela
(Parcela 23), Melide
626 430 275

Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

Talleres Vulcano
Pol. Ind. da Madanela
Parcela 22
654 449 732

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89

Mª Jesús Vázquez Coego
Taxi en Melide
667 682 771

Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70

Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

Recollida do premio da segunda edición dos Días Azuis

Begoña Varela Varela (centro da imaxe), foi a gañadora do premio da segunda edición dos Días Azuis, recolleu o seu cheque por valor de 150 euros para gastar no comercio local.

Varela realizou a súa compra en Perfumería Lyss onde rexistrou o seu tícket para participar no sorteo. Esta edición dos Días Azuis celebrada entre o 9 e 30 de novembro deixou unha vez máis unha premiada no comercio asociado a Asetem-CCA en Melide.

Ao igual que na primeira edición deste ano, dada a situación sanitaria na que nos atopamos a entrega da tarxeta realizouse na sede de Asetem da man do presidente da asociación de empresarios, Manuel Vázquez, e de Maria del Carmen Sánchez, responsable da Perfumería Lyss.

San Silvestre solidaria "Marcha que tes que marchar"

O Nadal deste ano foi moi diferente aos anos anteriores, pero dende a Asociación Deportiva Cerne Melide quixeron celebrar unha vez máis a San Silvestre Solidaria coa que cada ano conseguían decenas de quilos de alimentos para doar a Cáritas Parroquial de Melide.

Este ano a carreira de San Silvestre foi distinta por motivos da pandemia actual, polo que este ano os corredores inscritos non puideron facer o percorrido todos xuntos o 31 de decembros saíndo da Praza do Convento. Poren ren a asociación propuxo dous itinerarios, un para os cativos e outro para os adultos.

A inscrición foi gratuíta e como novidade, os corredores acudían a sede de Cáritas para deixar produtos hixiénicos ou de limpeza e alí dábaselles un dorsal xunto cunha camiseta e unha máscara.

Ademais, sorteáronse entre os participantes da San Silvestre solidaria que mandaron unha foto facendo o percorrido deste ano tres almorzos na Pastelería Estilo e un kit deportivo de Jim Sports.

O Grupo Noguerol doa unha compra de 1.500 euros en alimentos ao Concello de Melide e a Casa Niño de Santiso

Este ano dada a situación provocada pola COVID o Grupo Noguerol decidiu destinar o orzamento dos regalos corporativos e eventos de Nadal á doazón de alimentos en Melide e Santiso.

Esta mostra de solidariedade supuxo a compra de 1.500 euros en alimentos non perecedoiros que foron adquiridos en establecementos locais que, pola súa parte, colaboraron coa iniciativa aportando mercancía de xeito gratuíto ou mellorando os prezos. Os principais destinos da doazón foron o Banco de Alimentos de Melide e a Casa Axóuxere de Santiso.

Alimentos do comercio local

Dende Noguerol explican que "este ano non houbo os habituais agasallos nin detalles personalizados para a clientela e colaboradores debido á necesidade de axudar neste ano tan atípico".

Non obstante, esta non é a única iniciativa que levaron a cabo dende o Grupo Noguerol, xa que tamén se realizaron outras actividades como regalos de almorzos para favorecer a hostalería ou campañas de promoción nas que regalaron vales de compra para gastar noutros establecementos locais.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Mis Mejores Labores, Carnicería Cardelle e Toysmaniatic entre os gañadores do concurso de escaparates de Nadal

Mostra de imaxes dos gañadores na modalidade de escaparate exterior: Calzados Palancas, Toymaniatic Melide e Mis Mejores Labores

Escaparate de Nadal da zapatería Palancas, primeiro premio

Así lucía o escaparate da xoguetería Toysmaniatic durante os días de Nadal, segundo premio

A máxia e a cor inundaron o escaparate de Mis Mejores Labores, que acadou o terceiro premio

Nesta primeira edición do concurso de escaparates de Nadal a orixinalidade foi unha característica en común, aquí o catálogo de imaxes dos tres gañadores: Manualidades Creati, Carnicería Cardelle e Peluquería Gómez Andón









O escaparate interior de Manualidade Creati converteuse nunha parede con ocos cheos de figuras do Nadal. Primeiro premio.

Como se do mesmo Polo Norte se tratara, así estaba decorado o interior da Carnicería Cardelle. Segundo premio de escaparates interiores.

Peluquería Gómez Andón. Terceiro premio.

O Concello de Melide dá a coñecer o nome dos gañadores dos escaparates do concurso de Nadal. Entre os gañadores hai tres establecementos socios de Asetem-CCA que son Toysmaniatic Melide, co segundo premio, e Mis Mejores Labores, terceiro premio, ambos na modalidade de escaparates de exterior. Logo, na categoría de escaparates en interior son Carnicería Cardelle, que acadou o segundo premio.

O resto dos comercios gañadores son Manualidades Creati, Calzados Palancas e Peluquería Gómez Andón que conseguiron os primeiros premios de escaparate exterior e interior e o terceiro premio de interior, respectivamente.

O concurso de escaparates de Nadal dotou o primeiro premio das dúas modalidades participantes con 600 euros, o segundo de 300 euros e o terceiro de 150 euros.

O xurado encargado de decidir os escaparates gañadores estivo composto por distintos profesionais do ámbito da estética e na creación de espazos orixinais e creativos. Entre as claves que tiveron en conta para puntuar os escaparates estaban, a complexidade da montaxe, a creatividade, a orixinalidade e a súa estética. O xurado buscaba que cada escaparate fose único.

Nesta iniciativa participaron 28 os establecementos locais, deles 17 son socios de Asetem, os cales conseguiron ambientar as rúas da vila neste Nadal tan atípico por mor da situación sanitaria.

O concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide, Xosé Igrexas fala do “éxito dunha iniciativa novidosa, posta en marcha por primeira vez na vila”. Tamén agradeceu a participación de todos os establecementos xa que “foron quen de encher Melide de luz, cor e ambiente festivo durante estas datas, dando visibilidade ao comercio local e poñendo en valor os nosos produtos neste Nadal”.

Espectáculos de teatro, música e maxia na programación de Nadal do Concello de Melide

Este ano o Concello de Melide preparou unha programación especial para as semanas de Nadal con actuacións musicais, teatrais e de maxia para todos os públicos.

Entre os espectáculos principais atopamos a Lydua Botana, Pakolas, o mago Hocus Pocus, para os máis pequenos, e Mijail Moriatov para o público adulto, que ofreceron horas de diversión para os que acudiron a estas citas durante o Nada máis atípico dos últimos tempos.

As actividades, que se desenvolveron no Centro Sociocultural Mingos de Pita, cumpriron todas as medidas de prevencion recomendadas.

A estas actividades tamén se sumaron os campamentos de Nadal, onde cativos e cativas da vila realizaron diversas manualidades e xogos en pequenos grupos para facer voar a súa imaxinación permitindo que pais e nais puidesen conciliar durante eses días.

Visita das súas Maxestades de Oriente

Os tres Reis Magos de Oriente, Melchor, Gaspar e Baltasar, volveron utilizar a súa maxia para acercase ata Melide e falar cos nenos e nenas da vila.

A COVID-19 mudou a maneira tradicional na que se recibían ás súas Maxestades de Oriente e os paxes reais, pero non impediu que os e as máis cativas puideran pasar uns minutos con eles e lerlle as súas cartas.

Este ano a visita dos nenos e nenas aos Reis Magos tivo que facerse con cita previa para evitar así as aglomeracións de xente. A recepción real foi no Centro Sociocultural Mingos de Pita durante a tarde do 5 de xaneiro. Foron máis de 400 os cativos e cativas que che achegaron ata alí para visitar e facerlle as súas peticións a Melchor, Gaspar e Baltasar.

Os Reis Magos non quixeron marchar de Melide sen dedicar unhas palabras de ánimo para todos e todas nós cheas de bos desexos e unha pronta recuperación para aqueles que estivesen coa COVID para que así "pronto poidades estar con todos os vosos amigos e familiares".

O Concello tamén organizou para os nenos e nenas un concurso de postais de Nadal. Os gañadores foron: Martín Río, Mercedes e Antía González e Noa García.

C/ RONDA DE CORUÑA, 16 · MELIDE (E-15-001258)
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
Pide cita en **afflelou.es**

Colaboración da Federación de Autónomos de Galicia

A respiración asistida do tecido produtivo autónomo

Só pode definirse como agónica a situación dos autónomos de Galicia que, pese a todo, resisten. Iso si, coa respiración asistida da prestación por cese de actividade nalgúns casos, os ERTES noutros e plans de rescate autonómicos e municipais.

O ano 2020 foi penoso para a sociedade e dramático para o colectivo dos autónomos, que en Galicia, remataron o ano 2020 cunha perda neta de 1.384 autónomos, pechado o ano con 207.709, a cifra máis baixa da serie histórica; por provincias, A Coruña perdeu 611, finalizando o exercicio con 84.455; Lugo ten 33.079, tras caer en 536, Ourense tamén perde 234 autónomos e acabando o ano con 23.296 e Pontevedra aguanta mellor o tirón, ao baixar só en tres, e finaliza o 2020 con 66.899.

En España, o RETA aumenta o seu número de afiliados en 2.113 autónomos, pechando o ano con 3.267.428, sendo Galicia unha das Comunidades con peor comportamento, só superada en cifras negativas por Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha e Euskadi. Polo contrario, Andalucía ve crecer o número de autónomos en case 9.000 altas, con moita diferencia é a que máis crece, seguida pola Comunidade Valenciana e Murcia.

Por sectores, continúa a sangría do comercio, que se deixa polo camiño 10.000 licencias, a hostalería, con 5.000 autónomos menos e a Industria, con máis de 4.600 baixas. Entre os sectores que aumentan, a construción sitúase á cabeza, con 7.127 autónomos máis, seguido das actividades profesionais, científicas e técnicas, que crecen na máis de 3.800 profesionais, así como as actividades sanitarias (2.714 máis) e tamén as actividades de información e comunicación, con subidas de 1.754 autónomos. Só en Galicia, o comercio perde 818 licencias, a hostalaría 636, e a agricultura e gandería, 841 autónomos menos.

Como vimos dicindo dende a Federación de Autónomos de Galicia, o tecido produtivo español e galego, baseado fundamentalmente en pemes e autónomos, está nunha situación de respiración asistida, aguantando o tirón das medidas restritivas da liberdade, a mobilidade e a actividade, en parte polas distintas axudas, que entre os seus requistos, obrigan a continuar de alta para percibilas e, en gran medida, porque para un autónomo o seu negocio é a súa vida, a súa empresa, o seu patrimonio empresarial e persoal, polo que se perde iso, pérdeo todo. Por iso a xente aguanta ata o fin.

A Federación de Autónomos de Galicia lamenta profundamente as novas medidas restritivas da actividade aprobadas polo goberno da Xunta, que funden un pouco máis, se cabe, á hostalería e ao comercio fundamentalmente e considera que non é xusto nin necesario criminalizar a un sector que, sofre máis que ninguén a pandemia, a crise económica, as maiores restricións e que, non obstante, non só non é culpable de nada, senón que cumpre escrupulosamente todas cantas medidas de protección e prevención lle foron impostas polas administracións.

Dende FEAGA, insistimos no que vimos solicitando, un plan de axudas a medio-longo prazo, a prórroga da prestación por cese de actividade e os ERTES ata finalizar 2021, aprazamentos fiscais (impostos estatais, autonómicos e locais ligados á actividade), así como das cotas da seguridade social de empregados e a cota de autónomos ata final de ano e un plan de axudas directas para os costes fixos das empresas e autónomos que permita garantir a súa continuidade ata que finalice a situación actual de emerxencia. Non é momento de subir impostos nin de crear outros novos, senón de priorizar os recursos, destinando os máximos posibles a solucionar a pandemia co menor custo posible, por suposto en vidas, pero tamén en empresas e autónomos.

Dúas empresas de Melide beneficiaranse das axudas da Xunta para mellorar a transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, concedeulle axudas para a mellora da transformación e a comercialización dos produtos agroalimentarios. No seu total, estas axudas contan cun investimento de 3,4 millóns de euros.

Entre as empresas que recibirán estas axudas, dúas delas están afincadas en Melide e son: Dairylac, SL e Avícola Grao, SL. No caso da primeira, o importe da axuda ascende aos 359.605,11 €, co obxectivo de realizar melloras tecnolóxicas na industria láctea. No caso de Avícola Grao, S.L, a contía da subvención será de 15.904,59 €, coa finalidade de realizar melloras tecnolóxicas en matadoiro de aves e sala de despece.

Segundo indican dende a Consellería de Medio Ambiente "este tipo de axudas consisten en subvencións a fondo perdido para realizar investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas na nosa comunidade autónoma destinadas á transformación e comercialización de produtos agrarios".

Neste senso, Gonzalo Trenor, delegado territorial da provincia da Coruña, destacou "o importante deste tipo de axudas é que van encamiñadas a facer que as empresas do rural poidan mellorar a súa capacidade produtiva e súa competitividade nos mercados".

Hidroeléctrica Lumymey ofrece dos establecementos o distintivo de enerxía verde

A hidroeléctrica Lumymey oferece a todos os establecementos aos que lles dá servizo o distintivo de enerxía verde. Dende este mes de xaneiro todos aqueles establecementos que o desexen poden solicitar na oficina de Lumymey unha etiqueta adhesiva para colocar nos escaparates e así "facer visible que entre todos axudaremos a combater o cambio climático e a non producir gases de efecto invernadoiro nin emisións contaminantes" tal e como sinalaron dende a oficina de Lumymey en Melide. Ademais, afirman que "o feito de que estes establecementos conten con estes distintivo pode ser un valor engadido de cara a súa clientela".

Este distintivo é o resultado da mostra do compromiso que a hidroeléctrica adquiriu co medio ambiente, o que se levou a práctica abastecendo os fogares e comercios de todos os clientes de Lumymey con enerxía limpa. Unha enerxía non contaminante e que provén de recursos renovables como o eólico, solar, hidráulico, mareomotriz, biomasa e xeotérmica. Polo tanto, a Hidroeléctrica convértese nunha compañía que vende unicamente enerxía verde.

Dende Lumymey insisten en que "adquirimos un novo compromiso co consumidor e co medio ambiente e por iso todo toda a enerxía fornecida é do 100% verde e certificada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).

Adeus ao mítico Freire

Logo de 75 anos cubrindo o traxecto de Lugo a Santiago a empresa de autobuses Freire será substituída por unha UTE de Monbús e Alsa. O tradicional autobús Freire foi o encargado dende 1945 de conectar aos veciños e veciñas de Melide coas cidades de Lugo e Santiago, así como con vilas como Arzúa ou Palas de Rei.

O Freire unía nun mesmo espazo a peregrinos, estudantes, e funcionarios para levalos á capital galega. Dende finais do pasado mes de decembro é a UTE de Monbús e Alsa a encargada de realizar este traxecto. Os novos horarios contan con sete viaxes de ida (Melide-Santiago) e oito de volta (Santiago-Melide) de luns a venres; e catro de ida e volta durante as fins de semana.

NOVIDADES FISCAIS E LABORAIS (Información elaborada por CCXestión)

REDUCCION DO RENDEMENTO DE MÓDULOS DE IRPF

Para o exercicio 2020, increméntanse as reducións previstas para o cálculo do rendemento das actividades incluídas no método de estimación obxectiva (módulos), quedando deste xeito:

a) *20%*, nas actividades seguintes (entre outras):

1. Gandería independente; servizos de cría, garda e engorde de gando; servizos ou actividades accesorias realizados por agricultores, gandeiros e titulares de actividades forestais; actividade agrícola, gandeira ou forestal susceptible de estar incluída no réxime especial de agricultura, gandería e pesca do IVA.
2. Industrias de panadería e bolaría; comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas, de verduras, de carnes e de ovos, de pescados; comercio polo miúdo de pan e pastelería.
3. Comercio polo miúdo de libros, periódicos e artigos de papelería.
4. Reparacións (aparatos eléctricos, vehículos e de outros bens de consumo, maquinaria industrial...).
5. Autotaxis; transporte de mercadorías; engraxe e lavado de vehículos; servizo de mudanzas; autoescolas e outras actividades de ensinanza; lavanderías; salóns de perruquería e beleza.

b) *35%*, para as seguintes actividades (entre outras):

1. Comercio polo miúdo de téxtiles, confección e calzado; de artigos de droguería, hixiene, perfumería e cosmética.
2. Comercio retallista de artigos de decoración, pinturas, vernices; de mobles, aparatos eléctricos e electrodomésticos, artigos do fogar, ferretaría, adorno, regalo; de materiais de construción.
3. Comercio minorista de recambios para vehículos, rodas e maquinaria.
4. Comercio polo miúdo de mobles de oficina, artigos de óptica e fotografía; de libros, xornais e artigos e papelería; xoguetes, artigos e prendas deportivas; de sementes, flores e plantas.
5. Comercio fóra de establecemento (ambulante ou mercados)
6. Restaurantes de 1 e 2 garfos, cafetería e bares, chocolaterías e xeaderías; quioscos; hospedaxe en hoteis, hostais, pensións, fondas; e transporte de viaxeiros (urbano e por estrada).

LÍMITES DE FACTURACIÓN

Mantéñense para o 2021 os límites de facturación excluíntes do método de estimación obxectiva; é dicir, 250.000 euros con carácter xeral en actividades económicas, agrícolas, forestais e gandeiras, e de 125.000 euros, nas operacións nas que exista obriga de expedir factura cando o destinatario sexa empresa (transportistas, entre outros).

RENUNCIAS E REVOGACIÓNS

O prazo para presentar renuncias e as revogacións das mesmas ao método de estimación obxectiva do IRPF, con efectos de exercicio 2021, será ata o 31/01/2021.

Elimínase a obriga de exclusión de módulos de 3 anos que se establecía como condición da renuncia a este método de tributación; deste xeito, as empresas que renunciaron á tributación por módulos no 2020, poderán volver a aplicar esta tributación dende o 2021.

INCENTIVO FISCAL NA REBAIXA DO ALUGAMENTO

Para o exercicio 2021, os arrendatarios distintos de empresa ou grandes posuidores, que subscribiran un contrato de arrendamento de local de negocio con un arrendatario que se dedique a actividades económicas clasificadas na división 6 ou nos grupos 755, 969, 972 e 973 da sección primeira do IAE, poderán computar como gasto deducible a contía do alugamento rebaixado, acordado dende o 14/03/2020, nas mensualidades devindicadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021.

EQUIPARACIÓN DA PRESTACION DE PATERNIDADE

O permiso de nacemento e coidado de menores equipárase para ambos proxenitores, que será de 16 semanas a partir do 01/01/2021, que se desfrutarán do seguinte xeito:

- 6 semanas de descanso obrigatorio, ininterrompidas e a tempo completo, inmediatamente posteriores ao parto. A nai biolóxica pode anticipar este período ata 4 semanas antes da data previsible de parto.
- As 10 semanas restantes, que se desfrutarán en períodos semanais, de forma acumulada ou ininterrompida, a tempo completo ou parcial, dentro dos 12 meses seguintes ao parto.

A duración da prestación será ampliable nos supostos de parto múltiple, nado con discapacidade ou parto prematuro e hospitalización de máis de 7 días.

COTIZACIÓN NO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL PARA 2021

A base máxima de cotización será de 4.070,10 € mensuais e a base mínima será de 944,40 euros, con carácter xeral.

Autónomos menores de 47 anos a 01/01/2021, poderán elixir a base de cotización, co límite das bases mínimas e máxima.

A mesma elección poderán facer os autónomos con 47 anos a 01/01/2021, cando a súa base de cotización en decembro de 2020 fose igual ou superior a 2.052,00 € mensuais, ou cando causen alta en autónomos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. No resto dos supostos a base máxima de cotización será de 2.077,80 €.

Agora ben, os autónomos que teñan 47 anos a 01/01/2021 (e acrediten unha base de cotización en decembro de 2020 inferior a 2.052,00 €) poderán elixir a base de cotización co límite da base máxima xeral, sempre que o soliciten antes do 30/06/2021.

Autónomos que a 01/01/2020 tivesen 48 ou máis anos de idade, a base de cotización estará comprendida entre 1.018,50 € e 2.077,80 € mensuais.

Non obstante, autónomos que antes de cumpridos os 50 anos cotizasen en calquera réxime da Seguridade Social, durante 5 ou máis anos, rexeranse polas seguintes regras:

a)Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 2.052,00 €, cotizará por unha base comprendida entre 944,40 e 2.077,80 € mensuais.

b)Se a última base de cotización acreditada fose superior a 2.052,00 €, cotizará por unha base comprendida entre 944,40 e o importe da última base acreditada.

Para os traballadores autónomos que nalgún momento do exercicio 2020, tiveran de forma simultánea 10 ou máis traballadores por conta allea, a base mínima de cotización será de 1.214,10 € mensuais.

Igual base de cotización terán os autónomos de sociedades mercantís, agás durante os 12 primeiros meses de actividade daqueles que causen alta, cuxa base de cotización será de 944,40 € mensuais.

A porcentaxe de cotización total para o cálculo da cota a cotizar para 2021 será do 30,60% (continxencias comúns 28,30%, continxencias profesionais 1,30%, cese na actividade 0,90% e formación profesional 0,10%). É dicir o recibo de autónomos mínimo pasará a 288,98 euros en xaneiro de 2021.

MORATORIA NO PAGO DE COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

As empresas e os traballadores autónomos, ao corrente coa Seguridade Social e que non tiveran outro aprazamento en vigor, poderán solicitar moratoria de pago das cotas de Seguridade Social entre os meses de decembro de 2020 a febreiro de 2021 (no caso de cotización de empresas), ou entre os meses de xaneiro a marzo de 2021 (no caso de cotizacións de autónomos), a un tipo de xuro do 0,50%. Poderá solicitarse nos 10 primeiros días do prazo regulamentario de ingreso de cotas.

AXUDA DO IGAPE PARA PROXECTOS DE NOVOS EMPRENDEDORES (DOG 4, DO 08/01/2021)

Beneficiarios: autónomos e pequenas empresas que realicen unha actividade económica e teñan menos de 42 meses de antigüidade de alta na actividade.

Prazo de solicitude: Ata o 22/02/2021

O Concello de Melide adapta os centros educativos da vila ás medidas anticovid para mellorar a seguridade dos estudantes

As dúas fotografías corresponden ao resultado dos traballos realizados no CEIP Martagona. Fotos: Concello de Melide

O Concello de Melide realizou nos últimos meses labores de mantemento nas tres escolas de educación primaria da vila e no seu entorno. Estas tarefas consistiron na mellora de accesos e no incremento da seguridade dos usuarios e usuarias das instalacións educativas fronte á COVID-19.

As actuacións levadas a cabo foron realizadas pola brigada de obras do Concello de Melide con cargo ás arcas municipais. Estes traballos tradúcense en máis de 150 reparacións de mantemento nos centros que comprenden, de maneira xeral, dende pintura, albanelaría, xardinería, labores de soldadura, arranxo de persianas, carpintaría, fontanería e informática.

CEIP Nº1

Na escola máis antiga da vila leváronse tamén traballos de reorganización dos estacionamentos de vehículos nas inmediacións do centro para evitar as aglomeracións de persoas e turismos.

CEIP MARTAGONA

No correspondente á escola da Martagona instalouse na entrada unha cristaleira de vidro laminado, un espazo empregado habitualmente en días de choiva e durante esta pandemia sanitaria ao estar ventilado como lugar de recreo. Por outra banda, construíu un paso de peóns elevado á entrada do centro para aumentar a seguridade de condutores e viandantes cando acceden e saen do centro.

CEIP MESTRE PASTOR BARRAL

No CEIP Mestre Pastor Barral realizáronse obras como a creación dun acceso lateral de formigón para facilitar a entrada do alumnado, solucionáronse problemas de humidades, modificáronse espazos para o recreo e ampliáronse espazos exteriores coa limpeza vexetal para incrementar a seguridade fronte á COVID-19.

IES MELIDE

No centro de ensinanza secundaria reorganizouse o tráfico impedindo aparcar nunha marxe da rúa obrigando aos vehículos circular en dirección alternativas para evitar a conxestión de persoas e turismos.

Traballos de reparación na escola infantil de Melide

Dentro do programa de mellora das instalacións municipais, no centro educativo municipal dos máis cativos realizáronse os traballos de substitución da carpintaría de aluminio da escola para así adoptala a un maior aforro enerxético.

Estes cambios foron realizados con cargo aos fondo propios do goberno local, cun investimento de 35.000 euros.

Rematan os traballos de acondicionamento da fachada do campo de fútbol

Na liña de traballos de mellora de instalacións da vila tamén rematan as obras de acondicionamento da fachada do campo de fútbol municipal, o que supuxo un investimento de 17.787 euros, con cargos a fondos propios.

Con esta actuación ponse fin a un dos graves problemas que viña sufrindo dende hai tempo o campo de fútbol de Melide.

Suspensión do mercado ambulante dos domingos

Dada a situación sanitaria actual do Concello de Melide, suspendeuse o mercado dos domingos, tanto o de comida como o de téxtil e calzado. Dende o pasado 14 de xaneiro a Xunta de Galicia decidiu establecer en Melide o peche perimetral polo incremento de contaxios notificados na vila.

Esta situación volve dar un golpe aos feirantes que se ven de novo impedidos para facer o seu traballo. Porén, non son o único sector prexudicado polas medidas implementadas, xa que a hostalería tamén se ve obrigada a servir só nas terrazas ao 50% ou para levar e cun horario de peche das seis da tarde.

O PP urxe ao goberno local o arranxo do Camiño de Santiago ao seu paso por Melide

A portavoz municipal do Partido Popular de Melide, Dalia García, insta aos responsables municipais a que procedan ao arranxo e cooperación coa Xunta de Galicia para conservar en boas condicións unha das arterias turísticas máis importantes de Melide.

Os populares de Melide falan de "deixadez por parte do bipartito" e afirma que "non podemos dar unha imaxe de abandono ao exterior da ruta Xacobeo a punto de aperturar un ano santo que será fundamental para a economía da comarca".

Segundo apuntan dende o Partido Popular "apesares de que existe unha empresa para un mantemento xeral do Camiño de Santiago os Concellos non poden desoír a súa competencia sobre os camiños municipais que ao fin e ao cabo, é o que son os trazos polos que discorre o Camiño de Santiago".

Ademais critican que esta situación "leva meses así, sen mantemento e na que as fochancas son un continuo facendo moi difícil a vida cotiá dos veciños e veciñas que viven ao pé do Camiño de Santiago".

Os troiteiros “Río Furelos” denuncian un novo vertido

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” denuncia que o pasado día 27 de decembro ás dez e media da noite un dos colectores que provén do Polígono da Madanela expulsaba litros e litros dun líquido branco que ía parar ao río Furelos. Este vertido era unha enxurrada abrancazada, cheirenta e quente que discorría directamente ata o río.

Segundo informa a Asociación de Troiteiros estes feitos xa están en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente. Ademais, os troiteiros do río Furelos denunciaron os feitos ante a Garda Civil, o Seprona, Augas de Galicia e o Concello de Melide.

Dende a Asociación insisten en que a reiteración destes xeitos poñen en manifesto que “os anuncios do Concello de dispositivos de vixilancia e control exhaustivo dos vertidos das empresas non deron o resultado apetecido”.

Novo aparcadoiro público e gratuíto no centro de Melide

O Concello de Melide rematou as obras de acondicionamento do novo aparcadoiro da vila, situado entre a Avenida da Habana e a Rúa Bispo Varela Fondevila e Verea. Esta espazo de aparcadoiro será gratuíto e conta con capacidade para estacionar ata 132 vehículos.

Con esta actuación o goberno local pretende incentivar a actividade comercial, xa que supón ter dispoñibilidade de aparcar en pleno centro de Melide. Ademais, tamén se busca con este novo aparcadoiro mellorar a ordenación viaria e acondicionar un solar inutilizado ata o momento.

O conselleiro de Sanidade visita o novo centro de saúde de Melide

O pasado 29 de decembro o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, visitou o novo Centro de Saúde de Melide que está previsto que comece a funcionar nun prazo de dous meses.

Nesta visita o responsable de Sanidade do Goberno Galego estivo acompañado pola conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vazquez, o alcalde da vila, Jose Manuel Pérez e a xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e o Barbanza, Eloina Núñez.

A día de hoxe, o centro de saúde de Melide dá asistencia a unhas 7.000 tarxetas sanitarias das cales preto de 800 son de pacientes en idade pediátrica. Ademais, as urxencias atendidas no Punto de Atención Continuada (PAC), dan cobertura a 9.400 persoas, xa que, a maiores da cidadanía do concello de Melide tamén atenden aos usuarios dos concellos de Toques e Santiso.

O centro de saúde construíuse nunha parcela de 4.968 metros cadrados que foi cedida polo Concello de Melide. Estas instalacións contan cunha superficie de 1.943 metros cadrados, o que supón un incremento do 60,69% respecto da superficie do centro actual.

As novas instalacións contarán con cinco consultas de medicina de familia, ou tras cinco de enfermería, unha de pediatría e outra de enfermería pediátrica. A isto hai que engadirlle unha sala de mostras, unha consulta de farmacia, outra de farmacia, outra de matrona e unha última de traballo social. Para completar o centro de saúde, haberá unha sala de educación sanitaria, consulta de odontólogo e de hixienista e unha zona de fisioterapia que contará cunha sala para ximnasio.

No que respecta ao PAC, dispoñerá dunha consulta de medicina e unha de enfermería, sala de reanimación-observación.

O Concello de Melide automatiza a xestión das pistas de pádel e incrementa o seu horario de uso

O Concello de Melide, a través da Concellería de Deportes está a realizar obras para a automatización das pistas de pádel do Pazo de Congresos co fin de incrementar o seu horario de uso e a aumentar a comodidade dos usuarios e usuarias.

As dúas pistas de pádel cubertas, situadas no Pazo de Congresos de Melide, contarán cun sistema de automatizado de xestión e reserva que vai permitir á veciñanza da vila poder empregalas durante máis tempo e de maneira máis cómoda.

Dende a Concellería de Deportes do Concello de Melide explican no que consiste estas obras: “o que fixemos é ampliar en altura e en superficie o peche destas pistas para ter un acceso independente ao propio Pazo de Congresos, o que vai facilitar e modernizar a práctica deportiva nas instalacións”.

Grazas a estas melloras, os usuarios e usuarias destas instalacións deportivas poderán realizar as súas reservas e o pago mediante unha plataforma online, a través da cal se lles facilitará un código para abrir as portas. Unhas modificacións que na situación actual acollen un valor engadido.

NOVAS RESTRICIÓNS FRONTE A COVID-19 NO CONCELLO DE MELIDE

Trala reunión telemática mantida na mañá de hoxe entre os alcaldes e alcaldesas da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza e a Consellería de Sanidade, establécense as seguintes medidas no noso Concello:

- Suspensión do mercado de venda ambulante, incluida a venda de alimentos.
- Peche dos parques infantís.
- A biblioteca unicamente se poderá acceder para o servizo de préstamo.
- Peche da aula de estudo.

#Responsabilidade
#Sentidiño

Concello de Melide

VILELA
ELECTRICIDAD

* Instalaciones eléctricas
* Telecomunicaciones
* Mantenimiento
* Sistemas de climatización

A CORUÑA
Parque empresarial Alvedro,
Calle F, Nave 32
15180 Culleredo - A Coruña
Tfno.: 981 652 967

MELIDE
C/ Rosalía Castro, 17 Bajo
15800 Melide - A Coruña
Tfno.: 981 505 900

info@electricidadvilela.com

DIVA PRO
HAIR & BEAUTY

Lifting de pestañas

Una solución rápida que reemplaza la búsqueda de la máscara de pestañas perfecta y te ayuda a obtener la largura y el volumen deseados. El lifting de pestañas es el tratamiento ideal para elevar y acentuar la curvatura de las pestañas de manera natural, proporcionando una mirada más sensual y sofisticada. Consúltanos sin problema.

Melide Nails: Ronda de La Coruña, 58 - Tlfn.: 981 93 76 65

Diva Pro Melide

Casa Juanito

Máis de 100 anos de prestixio e calidade

Especialidade en: *Viños · Licores*

Pimentón · Bacallau · Legumes · Produtos para a matanza

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno - Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

ELECTROSAN

TODO LO NECESARIO PARA TU HOGAR
A LOS MEJORES PRECIOS:
VEN Y COMPRUÉBALO!!!

Somos especialistas en descanso
FLEX

C/ Martagona, 13 · **MELIDE** (981 50 79 64) - *electrosanmelide@gmail.com*

Electrosan

MIGUEL LIBOREIRO

“O único segredo do éxito do Tobo do Lobo é 99% traballo e paixón polo que fas”

- Para unha persoa que non coñece o Tobo do Lobo, como o definirías?

- **Miguel Liboreiro (M.L):** Pois o Tobo do Lobo é un restaurante de cociña galega pero actualizada. Unha cociña con produtos galegos, case na súa totalidade, os produtos principais son todos de aquí. Os pratos do restaurantes teñen unha base tradicional moi forte da cociña e a cultura galega e a iso engadímoslle outras técnicas de cociñado para facelo máis divertido e actual aos tempos que corren.

Ademais, a idea é usar produtos de proximidade e nunha vila rural como Melide é moi fácil. Galicia ten unha despensa impresionante e é moi fácil conseguir produtos de calidade.

- O pasado mes de decembro engadíronvos na lista dos Bib Gourmand pola prestixosa Guía Michelín. Como se sinte un formando parte desta lista?

- (M.L): Estamos moi contentos e moi agradecidos a todo o mundo, á comarca e a terra porque a verdade é un recoñecemento importante porque hai moi poucos restaurantes na guía e ademais, é unha guía que ten gran prestixio a nivel estatal. Polo que só temos motivos para estar moi contentos e desexando poder abrir para devolver toda esta felicidade.

- E agora o complexo está en manter o selo Bib Gourmand, síntese máis presión logo de recibilo?

-(M.L): Pois a verdade como nós xa non contabamos con isto non notamos esa presión, simplemente queda seguir como ata agora e intentar mellorar. Este recoñecemento ten que servir para coller confianza e folgos porque a época non é a mellor e sirve un pouco como un ánimo forte, e que demostra que facendo as cousas ben seguro que nun futuro se recompensa.

- De feito, o voso restaurante actualmente está pechado por mor da pandemia, tedes algunha data prevista para volver abrir?

- (M.L): Non, o certo é que non a temos porque na época na que estamos fixar datas non é o máis axeitado. A día de hoxe cos aforos establecidos do 50 ou 30% non é viable abrir e cos peches perimetrais tampouco porque nós temos clientes dos concellos veciños e das cidades, e así non poden vir. Esta temporada decidimos parar por responsabilidade.

- Cal é o segredo do éxito do Tobo do Lobo?

-(M.L): O único segredo é moito traballo, é certo, que tamén hai un compoñente de creatividade, ideas e talento que suman pero o 99% é traballo e paixón polo que fas.

O Museo da Terra de Melide volve pechar as súas portas ata a vindeira primavera

Foto: Museo Terra de Melide

Por oitavo ano consecutivo, o Museo da Terra de Melide, viuse obrigado a pechar as súas portas ata a primavera, seguramente ata o mes de maio segundo indica o persoal do museo nas redes sociais. Neste comunicado infórmase de que no momento de "reapertura habemos continuar coa dinámica de actividades".

Neste ano tan atípico a situación sanitaria obrigou a deixar actividades previstas sen poder realizar, como son a presentación de libros -un do escritor Ricardo Seixo Fernández e outro da escritora Inma López Silva- así como tampouco se puido realizar a cantidade de itinerarios que estaba previsto facer -como un polo camposanto da vila, para render tributo aos persoeiros das letras melidás xa finados ou o xa tradicional Vagar da Compaña pola festividade de santos.

Novas actividades para o 2021

Neste ano, o Museo Terra de Melide ten previsto realizar diversas actividades culturais como itinerarios polo camposanto e polo Melide "escondido", así como por algún dos concellos veciños, en colaboración coa Asociación Melisacos que tamén teñen o proxecto Abeancos.gal.

Outro dos proxectos para este ano "é visibilizar aspectos das orixes medievais de Melide, polo que a nosa pretensión é afondar máis non aspectos da súa historia medieval, como orixes funcionais en tempos do rei Afonso IX, edificación do castelo da Mitra compostelá e tamén da cerca ou muralla da vila promovida polo arcebispo Berenguel de Lavadoira, e tamén o derrocamento do castelo e de boa parte da cerca co gallo da Segunda Revolta Irmandiña".

No medio destes proxectos e actividades, non vai quedar atrás a importancia de por en valor os recursos patrimoniais da vila e dos concellos veciños.

A Escola Ayude triunfa de novo nos campionatos de España de kickboxing con dous ouros

O pasado mes de decembro, celebráronse no pavillón municipal de Alovera, na provincia de Guadalajara, os campionatos de España de kickboxing na categoría absoluta. Unha vez máis, a Escola Ayude tivo como representación, dentro da selección galega, a dous dos seus alumnos, Cora e Aron Ayude.

Os dous deportistas conseguiron facerse coas medallas de ouro na máxima categoría, acabando así o ano deportivo con moi boas sensacións.

Novas clases na Escola Ayude

Este ano comeza na escola deportiva Ayude con máis deporte, incluíndo novas clases de escrima, os martes ás sete da tarde, e clases de kickboxing feminino, os luns e mércores pola mañá de dez e media a doce media. Para anotarse poden chamar ao 610949426.

Os veciños e veciñas de Sobrado celebraron o amigo invisible

Foto: Concello de Sobrado

O Concello de Sobrado organizou durante o Nadal unha actividade de amigo invisible para todos os veciños e veciñas da vila. Nesta iniciativa participaron unhas cincuenta persoas do municipio que segundo se foron inscribindo recibiron á súa vez o nome da persoa á que tiñan que agasallar. O intercambio de regalos entre a veciñanza foi o 23 de decembro no mercado da vila.

Esta iniciativa tiña como obxectivo que os veciños e veciñas de Sobrado crearan vínculos nunhas datas tan atípicas e que as persoas que están soas, debido á pandemia, pasando o Nadal sintan certa compañía.

O Concello de Sobrado busca novas vías de colaboración para o Museo Bea Rey

Foto: Museo Bea Rey

O Concello de Sobrado traballa na busca de novas vías de colaboración para o Museo Bea Rey, coa finalidade de impulsar e dar a coñecer o espazo entre a veciñanza e os visitantes.

O Museo Bea Rey, inaugurado en marzo do 2019, é un lugar de exposicións de alto valor artístico. Estas instalacións son as primeiras en España en dedicarse exclusivamente a unha muller pintora, como é o caso da coruñesa Bea Rey.

A situación sanitaria provocada pola COVID-19 e a súa posterior crise, está danando moito o sector da cultura. Por iso, dende o Concello de Sobrado recalcan que "é moi importante que un museo coma este conte con máis apoios para promoverse a nivel local, galego e incluso, estatal".

A día de hoxe, o Museo Bea Rey pode visitarse de martes a sábado de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 18:30, e os domingos e festivos de 10:30 a 14:00. Nestas visitas pódense apreciar decenas de obras da artista.

Programación especial de Nadal na Casa niño de Santiso

Ao longo de todo o Nadal a Casa niño Axóuxere, no concello de Santiso, levou a cabo un proxecto chamado "Tempos de tradición e maxia". Esta iniciativa tiña como finalidade achegar aos cativos e cativas a maxia e a ilusión destas datas, que este ano por mor da pandemia se converteron en días atípicos, especialmente para eles.

"Tempos de tradición e maxia" contou cunha programación tan extensa como variada e ca que os máis pequenos e pequenas gozaron dunha morea de sorpresas e actividades. A primeira visita que recibiron en Axóuxere foi a do "Apalpador", da man de Anxo Moure, quen visitou a escola para contarlle aos nenos e nenas a lenda deste persoeiro tan arraigado á cultura galega. Ademais, o "Apalpador" non marchou sen deixar como agasallo unhas árbores autóctonas galegas para que os cativos plantaran nas súas casas e tamén na escola.

Outra das actividades correu a cargo de Dani Mato, integrante da Banda de Música de Visantoña, quen coa súa música foi capaz de deleitar aos nenos e nenas da escola e de ensinarlles a tocar algúns instrumentos de percusión. E como non podía ser doutra maneira, a última visita foi a do Rei Gaspar, que dende Oriente chegou á escola para visitar aos cativos e cativas.

FESTIVOS LOCAIS 2021

MELIDE:
29 de xuño - 16 de xullo

SANTISO:
13 de abril- 14 de setembro

TOQUES:
15 de maio - 2 de setembro

SOBRADO:
16 de febreiro- 29 de xuño

BREVES:

A Unidade Móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas despazarase os vindeiros días 26 e 27 de xaneiro á pista polideportiva de Belmil, no concello de Santiso. O horario será de 9:00-13:30, pola mañá ambos días e de 15:15 a 18:00 pola tarde do 26.
Para solicitar cita previa:
Ou ben por teléfono no 902309000 ou na da paxina web www.sycitv.com.

Santiso regula a exhibición de carteis e publicidade exterior

O Concello de Santiso crea unha ordenanza que regula a distribución e colocación de todo tipo de carteis e publicidade exterior, coa finalidade de coidar o entorno.

Unha vella necesidade que se viu materializada a finais do ano pasado coa publicación no DOG desta ordenanza coa que se pretende eliminar da paisaxe do concello os contedores, marquesiñas ou mesmo árbores cheas de carteis. Unha imaxe que estamos moi acostumados a ver pola nosa comarca.

Ademais, o goberno local colocou por todas as parroquias unha serie de paneis onde veciñanza, empresas ou comisións de festas poidan colocar os seus carteis de xeito gratuíto e nun espazo visible sen agredir o entorno.

Membros do goberno local consideran esta medida "unha iniciativa pioneira na comarca a cal pretendemos que se unan máis organismos, xa que un entorno coidado é patrimonio do que desfrutamos todos e todas e temos a obriga de coidalo".

Suspéndense as actividades das Escolas Culturais e Deportivas do Concello de Toques

Dada a actual situación sanitaria na que está inmersa a comarca, o Concello de Toques suspende temporalmente as actividades e eventos, tanto culturais como deportivos organizados pola administración municipal. Así mesmo, prohibe calquera tipo de celebración que tivera lugar nos espazos pertencentes ao Concello de Toques.

Este cese e prohibición das actividades nos espazos pechados do Concello de Toques prolongarase ata que deixe de estar en vigor o Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, publicado no DOG. Este decreto ten como finalidade facer fronte á crise sanitaria na Comunidade Autónoma.

POR SER DE XUSTIZA

A ocupación ilegal de vivendas

Eva Novás
Avogada

Nos últimos meses e debido a situación económica actual, derivada da pandemia, son cada vez máis frecuentes as noticias e comentarios sobre a ocupación ilegal de vivendas, tanto de particulares como de entidades bancarias e grandes posuidores de inmobles.

A fin de intentar regular as actuacións ante una ocupación dese tipo, a Fiscalía Xeral do Estado ditou uns criterios de actuacións sobre as medidas que se poderán adoptar ante este tipo de conductas, que son constitutivas de delitos de violación de domicilio e de usurpación de bens inmobles.

Existe delito cando a ocupación se produce sen consentimento e contra a vontade do titular. Se houbo consentimento para unha ocupación temporal, aínda que despois se prolongue máis do permitido, non podemos falar de delito e o propietario deberá acudir á vía civil para recuperar a posesión da vivenda (por exemplo, nos casos de desafiuzamento).

Falamos de ocupación se se produce contra a vontade do titular, sen o seu consentimento e se quen ocupa é consciente de que o fai nunha propiedade allea. Castigarase dunha forma ou outra dependendo de se o que se ocupa é ou non o domicilio ou morada do propietario. A este respecto, o domicilio considérase inviolable, e vai ligado á privacidade como dereito fundamental da persoa, polo tanto ten que estar libre e protexido da invasión ou agresión exterior doutros individuos e pénase de forma moito máis severa a súa ocupación. Da mesma forma se consideran as segundas residencias incluso durante o tempo que non están habitadas. En cambio, a usurpación de inmobles prodúcese se a ocupación se fai sobre bens inmobles, vivendas ou edificios alleos que non constitúen morada.

En ambos casos, estanse aprobando normas e xa existen procedementos que axudan a que o desaloxo se produza de forma case inmediato e a restitución do inmoble ó seu dono teña lugar o máis rapidamente posible desde que se ten coñecemento dunha ocupación, para que non se prolonguen no tempo os prexuízos causados. Nestes momentos iniciais é especialmente relevante a labor das Forzas e Corpos de Seguridade nos atestados que realicen.

Estas medias de desaloxo rápido pódense modular se se trata de inmobles que pertencen a entidades ou empresas privadas, pois neste caso deberá comprobarse se se está producindo un risco importante para os bens.

E en calquera caso, aínda que se dispoña de medidas para facer un desaloxo rápido, deberá comprobarse se na vivenda ocupada existen persoas en situación de vulnerabilidade, como son situacións de total desamparo, menores ou persoas con discapacidade. Nestes supostos, ademais das medidas de desaloxo, as autoridades deberán poñer os feitos en coñecemento dos Servicios Sociais para que antes do desaloxo procuren medidas de protección para estas persoas, así como outras residencias.

Eva Novás Mato
Avogada
Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Teléfono: 662 30 26 18

SABER DE LEI

De delito a dereito: a eutanasia

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Rematando o 2020, apróbase por pleno no Congreso dos Deputados a lei da eutanasia, só falta que a Cámara alta a ratifique para a súa entrada en vigor. España colocaríase como cuarto país europeo e sexto no mundo onde existe unha lei de eutanasia.

A eutanasia activa é a acción pola que un profesional sanitario pon fin a vida dun paciente de maneira deliberada por petición deste, cando se produce dentro dun contexto eutanásico por causa dun padecemento grave, crónico e imposibilitante ou enfermidade grave e incurable, causantes dun sufrimento intolerable.

Os requisitos esixidos para pedila son ter nacionalidade española, residencia en España ou certificado de empadroamento que acredite un tempo de permanencia en territorio español superior a 12 meses, ter maioría de idade e ser capaz e consciente no momento da solicitude. Se a persoa non cumpre este requisito de estar consciente, pode aplicárselle sempre e cando subscribise con anterioridade un documento de instrucións, testamento vital, vontades anticipadas ou documentos equivalentes legalmente recoñecidos, en cuxo caso poderase facilitar a prestación de axuda para morrer conforme o disposto en dito documento. Non se inclúe aos menores de idade, a diferencia do que ocorre en Holanda e Bélxica.

Se a persoa que solicita a eutanasia está consciente debe solicitala dúas veces por escrito, ou por calquera outro medio no que se deixe constancia, cunha separación de 15 días e que mostre que non hai presión externa algunha. Despois da primeira solicitude, o médico responsable do caso deberá realizar co paciente solicitante un proceso deliberativo sobre o seu diagnostico, posibilidades terapéuticas e resultados esperables, así como sobre posibles coidados paliativos, asegurándose de que comprende a información que se lle facilita. O doente debe confirmar a súa intención. Despois da segunda solicitude debe darse unha reunión entre médico-doente para asegurarse que este sabe o que pide. Despois destas catro mostras de vontade a comisión de avaliación antes de aprobalo volvese a reunir co solicitante e ten que volver a asentir, ou pola contra, deter o proceso en calquera momento. Polo que parece ser unha lei garantista.

O doente ten que contar coa aquiescencia do seu médico e este a súa vez debe pedir opinión a un facultativo con formación no ámbito de pataloxías que padece o mesmo doente, pero non pode pertencer ao mesmo equipo do médico responsable. Despois será a Comisión de avaliación a encargada de nomear a dous expertos que avalen o tema (un deles un xurista). Se ambos están de acordo, o proceso seguirá adiante, senón deberá decidir en pleno da comisión. Unha vez que esta decida que a petición está xustificada, comunicaráselle ao médico responsable para que proceda a aplicar a eutanasia.

Se nalgún dos pasos a solicitude é denegada, o interesado pode reclamar ante a Comisión e senón está de acordo co que esta determine, pode reclamar ante a xurisdición contencioso-administrativa. Darase un control a posteriori por parte da propia comisión. Este proceso iniciase coa primeira solicitude, e unha segunda solicitude 15 días despois. 24 horas despois ata que o médico responsable consulte con un especialista alleo ao caso, o cal ten un prazo de 10 días para contestar. Logo hai un prazo de 3 días ata que se lle comunique á comisión de garantías, e a comisión pode tardar 2 días máis en nomear expertos para avaliar dita petición. Unha vez nomeados os expertos terán 7 días para decidir e dous máis para comunicar ao presidente da comisión a resolución. Polo que como máximo poden tardar 40 días dende a primeira solicitude ata que reciba o visto bo. Ao que hai que sumar uns días, non concretados, para o acto da eutanasia en si.

A comisión de Garantía e Avaliación estará composta por 7 membros, con carácter multidisciplinar, onde se incluirá persoal médico e xuristas, e formarase unha por comunidade ou cidade autónoma en cada caso. Cada un terá un regulamento de orde interno, que será elaborado pola comisión e autorizado polo órgano competente da administración autonómica. O ministerio de Sanidade e os presidentes das Comisións de Garantías e Avaliación das comunidades autónomas reuniranse anualmente, baixo a coordinación do Ministerio, para homoxeneizar criterios e intercambiar boas prácticas no desenvolvemento da eutanasia no sistema nacional de saúde. Os profesionais sanitarios poderán exercer o seu dereito á obxección de conciencia.

AS SÚAS MAXESTADES NA COMARCA

Visita dos Reis Magos ao concello de Toques, Melide e Sobrado

Fotos do Concello de Toques, Turismo Melide e Sobrado dos Monxes

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

- A logopedia encárgase do estudo, a prevención, a detección, avaliación, diagnóstico e tratamento dos trastornos da comunicación humana: alteracións da voz, a audición, a fala, a linguaxe (oral, escrita e xestual) e das funcións orofaciais.
- A logopedia é unha profesión sanitaria, como a medicina, a psicoloxía ou a fisioterapia.
- Para chegar a ser logopeda, antes debías estudar unha diplomatura e agora é unha carreira de grao, pasando de tres a catro anos de estudo.
- Aínda sendo unha profesión sanitaria, normalmente a titulación atópase nas facultades de Educación.
- As e os mestres que nos forman na universidade, non son logopedas. Adoitan ser otorrinos, psicólogos ou médicos.
- A carreira é sobre todo teórica pero non se nos mostran todas as patoloxías coas que podemos traballar polo que cando rematamos temos que formarnos en moitos ámbitos para ter nocións para o traballo.
- Para poder exercer despois de ter a titulación, é obrigatorio que pertenzamos a un colexio profesional, igual que odontólogos, fisioterapeutas ou enxeñeiros. NUNCA SE DEBE ACUDIR A LOGOPEDIA SE NON ESTÁ COLEXIADA A PERSOA QUE EXERCE!
- A logopedia en Galicia é unha profesión relativamente nova, a primeira promoción de diploma das en logopedia saíu no 1998 (1995- 1998).
- Antes de existir a diplomatura en logopedia, moitas persoas podían exercer como logopedas con títulos de especialización ou especialización dentro de outras titulacións.
- Debido a que a carreira aínda é moi nova, hai unha parte das persoas colexiadas (as de maior idade) que poden exercer a logopedia sen ter a titulación de diplomatura ou grao, son as logopedas habilitadas. Para poder exercer deben presentar titulacións específicas e demostrar a súa experiencia no campo.
- Non hai logopedas nos centros escolares escolares públicos, as profesionais que se encargan de traballar as dificultades na escola, son as Mestras en Audición e Linguaxe (AL) e as especialistas en Pedagoxía Terapéutica (PT).
- Podes atopar logopedas en centros escolares privados e concertados pero non é o habitual. As logopedas están máis habitualmente en clínicas privadas, asociacións de pacientes e hospitais públicos e privados.
- Nos hospitais traballan logopedas, atendendo pacientes en consulta, ingresados e en unidades especializadas (unidades de disfaxia, de voz).
- En Galicia non se chega a 15 logopedas nos hospitais que existen a nivel público; o que supón unha ratio de pacientes ao redor de 181 mil pacientes. En Ourense non hai logopeda en ningún hospital público.
- As logopedas traballamos con poboación infantil e adulta; realmente traballamos con persoas de calquera idade, dende os bebés ata as persoas maiores.
- Case todo o mundo nos confunde con podoloxía: “iso dos pés”.
- O máis habitual é que nos asocien coa rehabilitación dos fonemas, sobre todo do RR pero o noso campo de actuación é inmenso!

Cada mes contarei un pouco máis sobre este mundo para que todo o mundo teña claro cando acudir a tratarse cunha profesional en logopedia.

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

O Cerne de hai 15 anos (Xaneiro 2006 Nº12)

Fale cun coa nosa voz
XUNTA DE GALICIA
Subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Cerne
Terra de Melide

A.S.E.T.E.M. Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº12. 1 de xaneiro -1 de febreiro de 2006. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

As tendas participantes sortean premios cun valor máximo de 1000 euros

Asetem colabora na organización dunha campaña de Nadal para 24 comercios

Este ano, a tradicional campaña de Nadal dos comercios careceu de financiamento municipal e da colaboración da Fundación Comarcal Terra de Melide. Finalmente, a petición dos interesados, a asociación de empresarios decidiu colaborar na organización do evento. Os clientes dos comercios recibirán unhas rifas, que lles darán a posibilidade de participar nun sorteo no cal se repartirán vales por valor de 1000, 500, 250 e 100 euros, para ser empregados nos establecementos da campaña. Esta promoción dura desde o 12 de decembro ata o 10 de xaneiro. Ese mesmo día celebraráse o sorteo ante notario. No interior atoparán unha lista dos establecementos participantes, que inclúe comercios asociados e non asociados a Asetem. **P. 13**

Esperpento funerario en Toques

“Parece un túmulo castrexo”, comenta José Manuel Ferro, portavoz dos independentes por Toques. Baxo estas pedras, no cemiterio parroquial de Villamor, foi enterrado un ancián orixinario desta parroquia, que morreu nunha residencia en Oleiros. O concello de Toques negouse a ceder e mesmo a vender unha praza no cemiterio municipal, argumentando que o finado tiña familia **P. 11**

Presentación do estudo da Antena Cameral

O día 22, o economista Melchor Fernández presentou un estudo realizado pola Cámara de Comercio sobre a situación socioeconómica das comarcas de Arzúa e Melide. Resalta a escaseza de infraestruturas e a escasa incorporación da muller ao mercado de traballo **P. 5**

O clube ciclista devolve unha subvención de 100 euros

Cerne entrevista ao presidente do Clube Ciclista de Melide. Manuel Gómez decidiu devolver a subvención municipal “para axudar a reducir o endebedamento do concello” . Denuncia que en dez anos é a primeira vez que reciben algo. **P. 15**

O museo presenta as súas novas instalacións

O pasado 30 de novembro reabría as súas portas ao público o Museo da Terra de Melide. Esta institución conta agora cun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña que lle permitirá financiar novas melloras **P. 8 e 9**

JESÚS COSTOYA E JOSÉ MANUEL BARREIRO, CARNICERÍA MARUJA

“Traballamos con produtores locais, como é o caso da tenreira e o cordeiro, e tamén servimos a domicilio”

Comezaron no negocio despois de que o antigo dono se xubilara e, tras ano e medio en activo –incluída unha pandemia de por medio– a día de hoxe manteñen os clientes de sempre á vez que gañaron novos consumidores; falamos de Carnicería Maruja, en Melide. Produtos locais e de primeira calidade, produtos para a matanza ou reparto a domicilio son algúns dos múltiples servizos que ofrece este establecemento. José Manuel Barreiro, Jesús Costoya e Francisco Sánchez, os seus responsables, detállannos polo miúdo todos os servizos e fan balance dun ano tan difícil e singular.

- Como comezaron no negocio?

- Jesús Costoya (J.C.): A carnicería tíñana outros propietarios, pero xubiláronse e entón collémola nós. Tal e como estaba e está o mercado laboral era unha boa oportunidade, así que decidímonos. Non nos dedicabamos a isto, pero o meu cuñado, que é o dono, xa traballou de carniceiro en salas de despezado e supermercados.

- Que balance fan dende que colleron as rendas do negocio?

- J.C.: De momento bastante ben, a verdade. Cumprimos un ano o pasado mes de xullo, así que despois de ano e medio o balance é bo. Estamos satisfeitos porque continúan vindo os clientes de sempre, pero tamén outros novos.

> “Traballar durante o confinamento foi unha experiencia bastante dura. Non cerramos en ningún momento”

- Ano e medio que coincidiu cunha pandemia, como foi traballar durante e despois do confinamento?

- J.C.: Foi unha experiencia bastante dura a verdade, supoño que como para todo o mundo; aínda así non nos podemos queixar porque traballamos medianamente ben. Non cerramos en ningún momento, si é certo que baixaron un pouco as vendas, pero pouco a pouco fomos recuperando.

- Que podemos atopar en Carnicería Maruja?

- J.C.: Un pouco de todo: tenreira, cordeiro (sobre todo por encarga); tamén facemos elaborados, en especial hamburguesas, croquetas e zorza que teñen moi boa saída; a lasaña que temos tamén se despacha ben... xa digo, un pouco de todo porque non é que nos pidan máis un produto que outro. Iso si, traballamos con produtores locais como é no caso da tenreira por exemplo, que é da zona e criada na casa, e o cordeiro tamén é da zona. Despois tamén temos outro tipo de produtos como mel de aquí de Melide, ou por exemplo uns queixos que son de Sobrado elaborados de forma artesanal. E entre os servizos destacar que repartimos a domicilio sempre que nolo pidan. Logo, de cara á matanza, dispoñemos de produtos como poden ser as tripas para elaborar os embutidos, é o caso dos chourizos, e tamén de pemento.

- Venden por lotes?

- J.C.: É raro que nolo pidan, polo menos no noso caso, pero si que o facemos.

- José Manuel Barreiro (J.B.): Xa antes non adoitaban demandarnos moito os lotes e agora, hoxe en día, aínda é máis raro porque a xente merca moita menos cantidade xunta.

- Dirían que cambiaron os hábitos do consumidor?

- J.B.: Si, podería dicirse que si. Agora mercan moita menos cantidade, hai menos xente nas casas e iso nótase. Por exemplo, antes ao mellor pedíanche doce quilos de churrasco, e agora levan dúas ou tres tiras. Iso si que o notamos, que baixara a cantidade porque ademais a xente tampouco se xunta.

- Afectoulles o peche da hostalería?

- J.B.: Si, bastante. Antes era outra liña de venda e a verdade é que nos mercaban moito, pero agora, coa situación que teñen encima, nada. O da hostalería foi un pau grande, case diría o pau máis grande a nivel comercial, primeiro para eles e despois para todo o que rodea a ese sector, como é o noso caso.

> “Hoxe en día a xente merca moita menos cantidade, hai menos xente nas casas e tampouco nos podemos xuntar, e iso nótase”

- E as restricións durante o Nadal?

- J.B.: Tamén nos repercutiron porque ao non poder xuntarse tanta xente, si que notamos que non se mercaron esas grandes cantidades que antes si se pedían. Iso si, por outra parte o curioso foi que pese a non levar grandes cantidades a xente si aumentou o gasto no que mercou. É dicir, este ano o que máis vendemos foi solombo de tenreira e cordeiro; foi unha demanda constante, cando outros anos por exemplo levaban máis ben entrecot, churrasco e cousas así.

> “O da hostalería foi un pau grande en canto a vendas, para eles e para todo o que rodea ao sector”

- Con todo o que supuxo o ano que acabamos de deixar atrás, que expectativas teñen de cara a 2021?

- J.C.: Que esta situación mellore por suposto, iso o primeiro, oxalá que veña un ano máis tranquilo e deixemos a pandemia atrás. E en canto a nós seguir mellorando o noso servizo todo o posible para seguir mantendo a confianza dos nosos clientes, tanto dos que xa temos como dos que estean por chegar.

- Para rematar, cal é o horario de Carnicería Maruja?

-J.C.: O noso horario é de 9.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.00 horas. Os martes polas tardes pechamos por descanso. E logo as fins de semana só abrimos polas mañás nese mesmo horario, de 9.00 a 14.00h.

Carnicería Maruja
Tlf: 610 666 704
Rúa Peregrino, 1 (Melide)

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**

648 75 47 61